

A Fundación Institucional Española -FIES-, co patrocinio da **Fundación Orange**, convoca o **44º** Concurso **¿Que é un Rei para ti?**, de conformidade coas seguintes **bases**:



PARTICIPANTES

- Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria ou de 1º e 2º da ESO de calquera centro educativo do territorio español.
- Alumnado de Educación Especial.



PROXECTOS

- O tema dos traballos pode centrarse na figura de S.M. o Rei e no papel da Coroa na estrutura do Estado, ou tamén na figura de SAR a Princesa de Asturias como garante da continuidade institucional.
- En cada traballo deberá figurar o nome do participante e os datos de contacto do centro educativo.
- Poderanse presentar **proxectos analóxicos** en calquera formato (murais, debuxos, poesías, maquetas, esculturas, ensaios...) a condición de que as medidas non superen 60x60 cm e cun peso non superior a 5 quilos.
- Poderanse presentar **proxectos dixitais** nos seguintes formatos: Storytelling, Video Musical, Infografía, Robótica, Deseño e impresión 3D.
- As guías pedagóxicas estarán dispoñibles a través da web www.concursoqueesunreyparati.es
- Os traballos serán individuais. **NON SE ACEPTARÁN TRABALLOS EN GRUPO.**



PRESENTACIÓN

- Os proxectos poderanse presentar de dúas formas, a través do repositorio das web www.concursoqueesunreyparati.es, ou ben enviando o orixinal á seguinte dirección. Calle Gran Vía, 33, 6º-1º, 28013 Madrid, indicando o Concurso ¿Qué es un Rey para ti?.
- O envío do traballo supón a cesión a FIES dos dereitos de propiedade intelectual derivados do traballo. Respetarase sempre o recoñecemento da autoría do traballo polo participante. FIES se reserva entre outros, o dereito á súa publicación total ou parcial e á súa difusión por calquera medio.
- En ningún caso os orixinais serán devoltos.
- Non é necesaria inscrición previa.



PRAZO DE ENTREGA

- A admisión dos traballos será do 15 de outubro ao 15 de xaneiro de 2025.
- FIES resérvase o dereito para ampliar o prazo en circunstancias excepcionais.



RESOLUCIÓN DO XURADO

- O Xurado, composto por membros do padroado da fundación institucional española, realizará unha selección de traballos finalistas en cada comunidade ou cidade autónoma. Posteriormente, elixirá un traballo gañador en cada unha delas. A decisión será inapelable, e o concurso non poderá ser declarado deserto. Declararanse 20 gañadores:
 - De entre os participantes alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria ou de 1º ou 2º da ESO de calquera centro educativo do territorio español declararanse un (1) gañador por cada Comunidade ou Cidade Autónoma.
 - De entre os participantes alumnos de Educación Especial Nacional declararanse un (1) gañador a nivel nacional.



MODALIDADE DIRIXIDA A ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL NACIONAL

- Os traballos de Educación Especial que formasen parte das exposicións autonómicas, serán agrupados nunha exposición privada para o Xurado, coa finalidade de seleccionar un representante a nivel nacional, que acudirá xunto cos demais gañadores, á Audiencia coa S.M. o Rei.



EXPOSICIÓNS AUTONÓMICAS

- Os traballos finalistas de cada Comunidade ou Cidade Autónoma serán expostos durante un acto organizado xunto coa Consellería de Educación, onde se fará entrega de diplomas e agasallos a cada un dos finalistas.
- Neste acto farase público o nome do/a alumno/a gañador/a na devandita Comunidade ou Cidade Autónoma.
- A data do acto seralles comunicada ós centros educativos dos alumnos finalistas do Concurso, e tamén se poderá consultar a través da web www.concursoqueesunreyparati.es propiedade de FIES.
- Se estas exposicións non se puidesen celebrar por motivos sanitarios, as exposicións levaranse a cabo de maneira on line.

PREMIOS:



- AUDIENCIA COA SÚA MAXESTADE O REI**
 - Como en cada edición, FIES solicitará á Casa da S.M. o Rei unha Audiencia con Don Felipe VI, que asistirán os autores dos traballos gañadores, acompañados do seu profesor/a.



- VISITA AO PALACIO REAL DE MADRID**
 - Os alumnos gañadores de cada CCAA, acompañados polos seus profesores e familiares, serán premiados cunha visita ao Palacio Real de Oriente. (Visita suxeita a dispoñibilidade do Palacio Real).



- ENTREGA DE PREMIOS**
 - Como cada edición FIES organizará un acto na que se expoñerán os proxectos gañadores, a este acto acudiran os gañadores xunto cos seus profesores e familiares. Durante a súa celebración terá lugar a entrega de diplomas, figuras e agasallos do noso patrocinador.



FIES FUNDACIÓN INSTITUCIONAL ESPAÑOLA

Os centros escolares ou profesores que desexen obter máis información sobre o certame poden dirixirse a:
FIES, Fundación Institucional Española. C/ Gran Vía, 33, 6º-1º, 28013 MADRID.
Tel: 91 532 27 28 / concursoqueesunreyparati.es / www.fies.es / fundacion@fies.es

Fundación orange™

FIES agradece especialmente el apoyo y la colaboración de todas las Consejerías de Educación de las Comunidades Autónomas, sin las cuales, nunca hubiera sido posible llevar a cabo la fase autonómica de Concurso ¿Qué es un Rey para ti?

